

## **As últimas series de Leticia Dolera e Marianico el corto a debate na V edición do Festival de Cine Inclusivo de Vigo**

- Ademais das 28 proxeccións programadas, o evento inclúe tres actividades que xirarán arredor do cinema e a inclusión.
- Vida Perfecta de Leticia Dolera e El último show de Marianico el corto protagonizarán dúas destas actividades.

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo que se celebrará entre o 13 e o 17 de outubro debulla a súa programación de actividades paralelas ás proxeccións. Ao igual que o resto do festival, estas actividades pretenden crear conciencia sobre a inclusión no seu aspecto máis amplo.

Manuel Burque, guionista e actor na serie Vida Perfecta creada por Leticia Dolera, será o encargado de guiar o webinar 'Vida perfecta e como rachar moldes' da sección Coñece! do festival, dirixida a escolas. A serie acadou dous premios en Canneseries no ano 2019, á mellor serie e á mellor interpretación feminina que recaeu nas tres protagonistas: a viguesa Celia Freijeiro, Aixa Villagrán e a propia Leticia Dolera. [Pendente de confirmar a data e hora desta actividade que se desenvolverá online. Anunciaremos os detalles e como acceder a través das nosas redes sociais]

O sábado 17 ás 12.00 da mañá e de forma telemática terá lugar a Charla con AGAG (Asociación Galega de Guionistas). Baixo o título 'El último show e a representación da terceira idade na ficción'. A serie El último show foi premiada no prestixioso Festival de Televisión de Vitoria-Gasteiz, onde foi cualificada polo xurado como "moderna e estimulante". Na charla intervirán profesionais do sector audiovisual ligados a esta serie como son: Alex Rodríguez (creador desta serie e director de La casa de papel); Miguel Ángel Tirado, máis coñecido como Marianico el corto (actor); Luisa Gavasa (actriz); Sara Alquézar e Enrique Lojo (guionistas).

O mesmo día pero ás 16.00 horas, terá lugar a única actividade presencial do festival, o café con CREA (Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización). Os directores Noemí Chantada ('La mujer invisible) e Alex Canelo ('Aysha) participarán no coloquio 'A responsabilidade dos creadores coa realidade'.

A V edición do Festival de Cine Inclusivo de Vigo volverá celebrarse no Auditorio do Concello e nos cines Salesianos. Dada a actual situación sanitaria tomaranse todas as medidas precisas (redución de aforo, uso obrigatorio da máscara, puntos de desinfección a entrada e saída dos auditorios etc.) para crear un evento seguro. Por este mesmo motivo, decidiuse pasar ao formato telemático parte das actividades paralelas ás proxeccións. A ligazón de acceso a estes webinars será publicada nos vindeiros días a través das redes sociais do propio festival.

A Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN) organiza o V Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo, co obxectivo de dar a coñecer, apoiar e valorar proxectos cinematográficos realizados por e para a inclusión, a igualdade e a difusión universal da sétima arte. Este ano o festival rende homenaxe a aos profesionais da saúde e dos servizos sociais, que están a xogar unha labor tan relevante nestes tempos de pandemia.

O festival non sería posible sen o patrocinio e colaboración de diferentes Administracións e entidades privadas.

**Para máis información e entrevistas:**

<http://www.festivalcinevigo.es/>

[prensa@festivalcinevigo.es](mailto:prensa@festivalcinevigo.es)

659 190 681